

SOLUCIÓNS DE NATURÁIS , PÁXINAS 105 E 107.

Solucionario

1 R. L.

- 2
- Cambio físico. Prodúcese un cambio de estado e a auga pasa de líquido a sólido. É un cambio físico.
 - Ao caer un obxecto a materia continúa sendo a mesma, exerceuse sobre ela unha forza e cambiou de posición.
 - A leña transfórmase en cinzas logo da combustión, é un cambio químico.
 - Cando se escacha unha noz, prodúcese un cambio físico. A noz cambia de forma, pero continúa sendo a mesma materia.
- 3
- A radio funciona grazas á enerxía química almacenada nunha pila ou batería. É unha enerxía non renovable.

- O panel solar funciona con enerxía luminosa. A luz do sol cáptase con colectores solares e transfórmase en enerxía eléctrica. É unha fonte de enerxía renovable.
- O coche funciona coa enerxía que lle proporciona a combustión de gasóleo ou gasolina, que é unha enerxía non renovable.
- O barco móvese grazas á forza do vento. A enerxía eólica é unha fonte renovable.

4 R. M. Porque a calor da comida é maior ca a do ambiente e a calor transmítese dos corpos máis quentes aos máis fríos, polo tanto, arrefriará ata igualarse coa temperatura ambiental.

QUE SABES XA?

- Sólido - líquido: fusión. Líquido - sólido: solidificación. Líquido - gas: evaporación. Gas - líquido: licuación ou licuefacción.